



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas al fracaso de la Comisión Europea en la defensa de nuestros intereses pesqueros en la reunión de Copenhague con el Reino Unido, las Islas Feroe, Islandia y Noruega en relación con las cuotas de caballa.**

En una iniciativa parlamentaria anterior, transmitimos la preocupación del sector pesquero gallego por el negativo acuerdo del 12 de diciembre en el que la Comisión Europea concluyó las negociaciones sobre las Totales Admisibles de Capturas (TAC) y las cuotas para el año 2026, que significaba elevados recortes en la pesca de especies de gran interés para la flota gallega, como la caballa. Así, se aceptó un recorte del 70% en las cuotas de caballa en el Atlántico nororiental sin contar con informes de impacto socio socioeconómico en las comarcas costeras.

A este recorte se sumó el acuerdo entre Noruega, el Reino Unido, las Islas Feroe e Islandia para el reparto de la caballa fuera de la UE. Algo totalmente perjudicial, que llevó al Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación a anunciar que el Estado demandaría a la Comisión Europea la adopción de medidas por la reducción de las posibilidades de pesca.

En respuesta al BNG del 23 de febrero, el Ministerio reconoció «un notable desequilibrio entre el esfuerzo exigido a la flota de la UE y el asumido por los extracomunitarios» y señaló que el Estado español había manifestado al Consejo y ante la Comisión Europea que era inaceptable la postura adoptada por terceros países, comprometiendo la sostenibilidad del recurso y la viabilidad económica de nuestras flotas». Se comprometió ante el BNG a «exigir a la Comisión Europea una actuación más firme ante los incumplimientos detectados, incluyendo la evaluación de medidas comerciales y diplomáticas que garanticen condiciones equitativas de explotación del recurso».

Sin embargo, lejos de mantener una postura firme, la Comisión Europea acaba de dar claudicar tras la reunión celebrada en Copenhague con los Estados de Noruega, Reino Unido, Islandia y las Islas Feroe, los mismos que habían realizado el reparto unilateral de cuotas. Así, la Comisión publicó un comunicado en el que se limitaba a «lamentar que no se hubiera podido avanzar...» y a considerar que se trataba de «una oportunidad perdida».



Así, la Unión Europea obligará a adoptar medidas para recuperar la población de caballa que implican asumir un recorte del 70% en la captura de caballa, tal y como aprobó el Consejo de Ministros de Pesca el pasado mes de diciembre, mientras que los Estados extracomunitarios con derechos en la misma pesquería, basándose en los mismos informes y recomendaciones, aplicarán únicamente una reducción del 48% en la cuota de caballa.

Por lo tanto, si el objetivo es la recuperación de la biomasa de la especie, está claro que la única vía es el consenso de todos los países implicados, no aceptar el sacrificio de flotas como la gallega, sin ningún tipo de compensación ni valoración socioeconómica de la medida. Así, la flota dedicada a la caballa considera que esta situación es claramente discriminatoria y se siente desprotegida y abandonada por una UE ineficaz e inútil, que ni siquiera es capaz de aplicar medidas contundentes en el plano comercial, como el cierre del mercado comunitario a los países que han llevado a cabo la autoasignación unilateral de cuotas.

Así, tras la aprobación del recorte, el sector sigue a la espera del establecimiento de medidas de compensación o de ayudas para paliar el impacto socioeconómico en la flota pesquera gallega dedicada a la caballa, cuya situación se verá ahora agravada por el aumento de los precios del combustible motivado por la guerra imperialista de Estados Unidos e Israel en Oriente Medio, y que además tendrá que enfrentarse a la aplicación del Reglamento de Control y asumir sus consecuencias negativas.

En definitiva, los problemas se agravan en un sector que parece ser el objetivo de continuas políticas regresivas por parte de la UE, destinadas a lograr la eliminación de la flota pesquera gallega y el desguace de los barcos.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuál es la posición del Gobierno español ante el fracaso de la Comisión Europea en la última reunión celebrada en Copenhague para consensuar las medidas para la conservación de la especie de la caballa, lo que determinará el mantenimiento de un recorte de hasta el 70% para las flotas de la UE en esta pesquería, muy superior al de los países extracomunitarios?
2. ¿Comparte que la gestión de la Comisión Europea no está logrando defender los intereses pesqueros de los Estados costeros de la UE?
3. ¿Ha trasladado el Gobierno español a la Comisión Europea la necesidad de mantener



una posición firme y contundente hacia el Reino Unido, Islandia y las Islas Feroe, y de adoptar medidas comerciales si no había acuerdo? ¿En caso afirmativo, por qué la Comisión Europea se niega?

4. ¿Ha exigido el Gobierno del Estado a la Comisión Europea la elaboración de informes sobre el impacto socioeconómico en las poblaciones costeras por el brutal recorte de las cuotas de pesca de caballa? ¿Lo va a hacer?
5. ¿Comparte que es injusto que la flota pesquera gallega y la de los estados de la UE deban asumir recortes del 70% en la captura de caballa, mientras que los países extracomunitarios con derechos en esta pesquería aplican una rebaja de tan solo el 48%, mientras continúan exportando pescado a los mercados comunitarios? ¿Comparte que la recuperación de la especie requiere de un consenso y no de los sacrificios de solo una parte?
6. ¿Qué ayudas y medidas de compensación se adoptarán en el sector pesquero gallego ante la aplicación de este importante recorte en las capturas de caballa, y que vienen a sumarse a otros elementos lesivos como la aplicación del Reglamento de Control o las consecuencias del aumento de los precios del combustible?

Madrid, a 16 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAR. 2026 19:41:49

Entrada **106375**

Sobre o fracaso da Comisión Europea na defensa dos intereses pesqueiros galegos de Copenhague

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao fracaso da Comisión Europea na defensa dos nosos intereses pesqueiros na xunta de Copenhague con Reino Unido, Illas Feroe, Islandia e Noruega no que atinxe ás cotas de xarda.**

Nunha iniciativa parlamentar anterior, trasladábamnos a preocupación do sector pesqueiro galego polo negativo acordo do 12 de decembro no que a Comisión Europea concluíra as negociacións sobre os Totais Admisíbeis de Captura (TAC) e cotas para o ano 2026, que significaba elevados recortes na pesca de especies de grande interese para a frota galega como a xarda. Así, aceptábase un recorte de 70% nas cotas de xarda do Atlántico nororiental sen contar con informes de impacto socioeconómico nas comarcas costeiras.

Sumábase a este recorte, o acordo entre Noruega, Reino Unido, as Illas Feroe e Islandia para o reparto da xarda á marxe da UE. Algo totalmente prexudicial, que levou ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación a anunciar que o Estado demandaría á Comisión Europea a adopción de medidas pola redución das posibilidades de pesca.

En resposta ao BNG o 23 de febreiro, o Ministerio recoñecía “un notábel desequilibrio entre o esforzo exixido á frota da UE e o asumido por extracomunitarios” e sinalou que o Estado español tiña manifestado ante o Consello e ante a Comisión Europea que era inaceptábel a posición adoptada por terceiros países, comprometendo a sustentabilidade do recurso e a viabilidade económica das nosas frotas”. Comprometeuse co BNG a “exixir á



Comisión Europea unha actuación máis firme ante os incumprimentos detectados, incluíndo a avaliación de medidas comerciais e diplomáticas que garantan condicións equitativas de explotación do recurso”.

Porén, lonxe de manter unha posición firme, a Comisión Europea vén de claudicar após a xunta mantida en Copenhague cos Estados de Noruega, Reino Unido, Islandia e Illas Feroe, os mesmos que fixeran o reparto unilateral de cotas. Así, a Comisión publicou un comunicado en que se limita a “lamentar que non se puidese ter avanzado...” e considerando que foi “unha oportunidade perdida”.

Así, a Unión Europea obrigará a adoptar medidas de recuperación da poboación de xarda que implican asumir o recorte de 70% da xarda, tal e como se aprobou no Consello de Ministros de Pesca de decembro pasado, ao tempo que os Estados extracomunitarios con dereitos na mesma pesqueira, con base nos mesmos informes e recomendacións, aplicarán só 48% de rebaixa na cota de xarda.

Así pois, se o obxectivo é a recuperación da biomasa da especie, está claro que a única vía é o consenso de todos os países implicados, non aceptar o sacrificio de frotas como a galega, sen ningún tipo de compensación nin de valoración socio-económica da medida. Así, a frota dedicada á xarda considera que esta situación é claramente discriminatoria e vese desprotexida e abandonada por unha UE ineficaz e inútil, que nin sequera é quen de aplicar medidas contundentes no plano comercial como o fechamento do mercado comunitario aos países que realizaron a autoasignación de cota unilateralmente.

Así, despois de terse adoptado o recorte, o sector segue agardando polo establecemento de medidas de compensación ou axudas polo impacto socio económico na frota pesqueira galega dedicada á xarda, cuxa situación vai verse agora agravada pola suba dos prezos dos carburantes motivada pola guerra imperialista de EE.UU e Israel no Oriente Medio, e que terá, tamén, que enfrentar a aplicación do Regulamento de Control e asumir as súas consecuencias negativas.



En definitiva, medran os problemas nun sector que parece ser o albo de continuas políticas regresivas por parte da UE, orientadas a conseguir a eliminación da frota pesqueira galega e o despezamento de barco.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cal é a posición do Goberno español ante o fracaso da Comisión Europea na última xunta celebrada en Copenhague para consensuar as medidas para a conservación da especie da xarda e que determinará o mantemento dun recorte de até 70% para as frotas da UE nesta pesqueira moi superior ao dos países extracomunitarios?
2. Comparte que a xestión da Comisión Europea non está a lograr a defensa dos intereses pesqueiros de Estados costeiros da UE?
3. Trasladou o Goberno español á Comisión Europea a necesidade de manter unha posición firme e contundente ante Reino Unido, Islandia, Illas Feroe e Islandia, e de adoptar medidas comerciais se non había acordo? En caso afirmativo, por que a Comisión Europea se nega?
4. Exixiu o Goberno do Estado á Comisión Europea a elaboración de informes de impacto socio económico nas poboacións costeiras polo brutal recorte nas cotas de xarda? Vanse facer?
5. Comparte que é inxusto que a frota pesqueira galega e dos estados da UE deban asumir recortes na xarda de 70% ao tempo que os extracomunitarios con dereitos nesta pesqueira aplican unha rebaixa de só 48% mentres continúan exportando peixe aos mercados comunitarios? Comparte que a recuperación da especie precisa dun consenso en non dos sacrificio de só unha parte?
6. Que axudas e medidas de compensación se van adoptar no sector pesqueiro galego ante a aplicación deste importante recorte nas capturas



da xarda, e que vén a sumarse a outros elementos lesivos como a aplicación do Regulamento de Control ou as consecuencias da suba dos prezos dos combustíbeis?

Madrid, a 16 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso